

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 24 DE FEBREIRO DE 2011.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 20 horas do día vinte e catro de febreiro de dous mil once, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia do alcalde-presidente D. José Ignacio Portos Vázquez. Non asiste que xustifica a súa ausencia a concelleira D^a. María Luisa Vazquez Vázquez Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebaca Vázquez Vázquez.

Concelleiros:

- D^a. María Rosa del Carmen Mariño López
- D. Gabriel González Arias
- D. José Angel Rey Seoane
- D^a. Isabel Sesar Otero
- D. Roberto Costoya Castelo
- D^a. María Magdalena Lojo Rozada
- D. Elisardo Montero Castro
- D^a. Mercedes Pérez García
- D. José Luis Rivas Cruz

Secretaria-Interventora:

D^a. Rebeca Vázquez Vázquez

De seguido o alcalde-presidente abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES.

Coñecidas polos/as asistentes a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, as actas das sesións do Pleno da Corporación dos días 30/12/2010 e 27/01/2011, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación ás mesmas. Non son formuladas observacións polo que o Pleno municipal por unanimidade con dez votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, catro dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación de data 30/12/2010 así como acta da sesión extraordinaria do Pleno de data 27/01/2011.

2.- PROPOSTA PARA TOMA EN CONSIDERACIÓN DA MEMORIA DE INICIATIVA PÚBLICA NA ACTIVIDADE ECONÓMICA E DETERMINACIÓN DA FORMA DE XESTIÓN DA MINIRRESIDENCIA

Pola Secretaría dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DE DATA 24/02/2011

Visto que o Pleno municipal acordou nomear unha Comisión redactora da memoria de iniciativa pública na actividade económica relacionada coa creación de posta en marcha do servizo de Miniresidencia e Centro de día de Boimorto .

Ante a necesidade dunha memoria concreta e detallada de tódolos aspectos necesarios para a posta en marcha do servizo previa autorización de funcionamento da Xunta de Galicia, solicitada a esta Alcaldía polos membros da Comisión , unha prórroga para o remate da memoria completa mais adiantando conclusións sobre viabilidade económica primeira anualidade, viabilidade técnica e xurídica, forma de xestión Fundación privada de patronato público que se concluen do material ata agora aportado a esta Alcaldía.

Solicito que o Pleno municipal ACORDE previa exposición brevemente por esta Alcaldía dos primeiros datos concluintes sobre os que se está a traballar

PRIMEIRO.-Conceder unha prórroga ata o próximo Pleno municipal para a presentación da memoria de iniciativa pública na actividade económica relacionada coa creación e posta en marcha do servizo de Miniresidencia e Centro de día de Boimorto da que tense que tomar coñecemento para a súa exposición pública.

SEGUNDO.- Comuníquese o presente acordo á Comisión redactora.

Boimorto 21 de febreiro de 2011

O Alcalde:

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez “

Explica o Alcalde que a intención era de ter a memoria e dar conta neste Pleno mais a Comisión necesita mais tempo estando afectada a redacción pola baixa da Técnica local de emprego e pretendendo dar conta o Pleno da memoria completa e rematada, di que brevemente vai explicar os traballos ata agora realizados en relación coa parte principalmente económica e que o acordo que se plantexa na proposta en ningún caso supón estar votando o contido que brevemente vai explicar.

A continuación a Alcaldía sinala:

Que vai expor un cadro de gastos anuais estimativos neste tipo de establecementos tendo en conta os seguintes porcentaxes de ocupación media prevista no primeiro ano de actividade:

Miniresidencia: 100% (24 prazas son 23 xa que unha de enfermería non ten carácter residencial)

Centro de día: 50% (15 prazas na primeira anualidade das 30)

Servizos externos:

Persoal: servizo relixioso (cura), podoloxía, perruquería, animador/a sociocultural

Servizos profesionais independentes

Servizo de transporte e taxi

Tódolos datos son estimativos, e obtidos a partir doutros centros similares e de estudos realizados polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).

- Soldos e Seguridade Social

Outro capítulo importante na explotación do centro é o persoal empregado. Hai que ter en conta que temos persoal fíxo no centro e persoal cuxos servizos prestanse en función da demanda do centro **tamén cabe sinalar que segundo o Convenio polo que se opte sen prexuízo da negociación dun convenio propio cos traballadores ten repercusións nos costes baraxados. Os salarios do persoal establece en base ao salario base mercado trala consulta de varios Convenios entre eles o “Convenio Colectivo Laboral de Residencias Privadas de Persoas Maiores” (DOG núm. 127 do 2/7/2007; DOG núm. 113 do 12/6/2008 corrección erros). V Convenio marco estatal de servizos de atención as persoas dependentes e2008/2011 , etc.....**

Na seguinte taboa vemos cales son os soldos dos diferentes profesionais que forman o centro:

OCUPACIÓN	Grupo de cotización	SOLDO MENSUAL	SEGURIDADE SOCIAL	COSTE TOTAL MENSUAL/ANUAL
- DIRECTOR (1)	1	1.866,13	615,82	2.481,95/ 34.747,3
- ADMINISTRATIVO (1)	7	1.013,80	334,29	1.348,09/18.873,26
- PSICOLOGO (1)	1	1.566,02	515,46	2.081,48/29.140,72
- FISIOTERAPEUTA (1)	2	1.265,86	417,73	1.683,59/23.570,03
- ATS (2) una a jornada parcial y lo que sobra para cubrir horas de asistencia médica	2	2.531,72	835,46	3.367,18/47.140,52
- 1 MANTEMENTO	8	1.031,83	340,50	1.372,33/19.212,67
- AUXILIARES (12) xa se calcula a cobertura de vacacións	10	945,69	312,07	15.093,21/211.304,94
		11.348,28	3.744,93	
COSTE TOTAL				27.427,83 mensual 383.989,62 anual

En relación ao cadro de persoal, preveuse por encima do mínimo establecido segundo a Orde do 18 de abril de 1996 modificada pola de (13 / 04 /2007 DOG num 80 de 13 / 04 /2007) pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención á persoas maiores.

O cálculo do número de auxiliares que tamén fan as funcións de limpeza e lavandería e mediante os seguintes ratios e segundo o establecido na Orde nomeada anteriormente:

–Miniresidencia: 0,35 con dependencia, computa persoal xerocultor e de asistencia sanitaria

–Centro de día: 1 cada 10 usuarios/as mínimo 2. 50% de 30 en total 15, total auxiliares 2TOTAL: 12 a xornada completa, cobertura os 365 días e noites o ano.

–O médico adicará en horario presencial sinalado no organigrama de persoal.

- *Persoal externo*

Debido á dimensión deste tipo de equipamentos, o normal é que certos servizos se exterioricen. Os servizos externos engloban tanto os servizos de asesoría como os de profesionais que prestan os seus servizos de forma non continuada e que non forman parte da empresa, neste caso animador/a social, perruquería, podoloxía, etc.

O persoal por horas terá unha retribución en función das horas traballadas. Aos seguintes servizos asignamoslle o seguinte soldo por hora e diferenciamos entre os que asume o centro e os que ten que asumir o usuario/a do mesmo:

SERVIZOS EXTERNOS A CARGO DO USUARIO/A

SERVIZO	COSTE/ HORA CON IVE	HORARIO
- Podoloxía	12 euros/ sesión	Segundo as necesidades dos usuarios/as do centro.
- Cura (servizo relixioso)	10 euros/ asistencia	
- Perruquería	12 euros/ sesión	
- Servizo taxi	10 euros/ hora	

- Servizo de transporte

Non están contabilizados nesta aproximación xa que non sabemos dos usuarios do centro de día cantos solicitaran o servizo , ni que servizo prestar xa que depende do número de usuarios (autobús, taxi etc..) poden darse servizos co 065 , tamen familiares e ademais de ter 15 dependentes con financiación pública e decir praza concertada se compensaría gasto e ingreso.

Na primeira anualidade sería necesario plantexar o transporte para 15 usuarios en bus pequeno , taxi baraxar o mais económico.

GASTOS PRIMEIRA ANUALIDADE :

CONCEPTO	ANO 2011
- Manutención	112.320,00
- Seguros	3.000,00
- Subministracións:	
- Luz	12.000,00
- Auga	1.140,00
- Gas	15.600,00
- Comunicacións (teléfono)	7.200,00
- Soldos	329.133,96
- Complemento nocturnidade e outros	6.708,00
- Pagos mutua	3.823,20
- Servizos profesionais independentes	3.600,00
- Gastos de mantemento do edificio	3.000,00
- Asistencia médica (farmacia)	7.200,00
- Produtos de limpeza	9.600,00
- Material de oficina	4.800,00
- Ascensor	4.800,00

- Lavandería	4.200,00
- Varios (correos, pagos inmediatos, dietas patronato...)	3.600,00
- Publicidade e propaganda	1.599,96
- Amortización e gastos financeiros equipos/ aplicacións informáticas	1.860,00
IMPORTE TOTAL	535.185,12euros

É importante ter en conta que, segundo os importes detallados, existe un 62,75 % da totalidade destinado a gastos de persoal, en consecuencia, constitúe unha partida de gasto importante no funcionamento do centro , e calculando ratios tendo en conta o persoal sanitario e xerocultor inda cunha ocupación do 100% na residencia e no centro de día estaría cuberta en ratios con este persoal e incluso superada.

O 37,25% restante son de diferentes partidas de gastos correntes.

No caso da miniresidencia xa prevemos de entrada no 2011 unha ocupación do 100%.

Os salarios terán incrementos anuais sexa os fixados nos convenios que serviron de base para o cálculo de salarios nesta memoria ou convenio específico para persoal do centro que pode negociarse cos traballadores.

En relación cos gastos comedor cun cociñeiro de dous pinches sinalase un custe aproximado de 8,21€ menú , para residentes ou usuarios do centro de día .

PREVISIÓN DE INGRESOS

Os ingresos corresponden ao pago pola estancia no complexo residencial e polos servizos prestados polo persoal do centro.

O propósito no funcionamento do centro é dotar da maior calidade de vida posible aos residentes **non se persigue ánimo de lucro** e é por elo que se contempla realizar servizos extras ou modificacións.

Partimos dos prezos da Xunta de Galicia para prazas concertadas, pretendendo a obtención das mesmas en concurrencia competitiva , e analizando a cobertura do gasto con estes ingresos.

Por conseguinte, os resultados que se esperan obter son ambiciosos pero totalmente factibles tendo en conta a alta demanda de prazas residenciais que hai actualmente e a situación concreta da zona elexida para a ubicación do centro.

*** Ingresos de explotación**

Inicialmente calculamos ingresos partindo dos prezos de concertación de prazas coa Comunidade Autónoma.

As hipótesis consideradas parten de 23 prazas para a Miniresidencia, con previsión de atender a dependentes nun 100%.

En canto ao Centro de día, prevese unha oferta de 15 prazas, das cales o 100% serán para dependentes.

Os ingresos principais serán os correspondentes á miniresidencia posto que o cobro aos residentes é maior nesta instalación. Tendo en conta o porcentaxe de ocupación previsto, os servizos ofertados así como o gastos da miniresidencia e centro de día no seu funcionamento, obtense a cifra de ingresos anuais aplicando as tarifas oficiais da Xunta de Galicia que se desenrola na taboa seguinte:

CONCEPTO	Datos en euros (IVE incluído)	% IVE aplicable	Total anual
Prezo Xunta miniresidencia- prazas asistidos: grado 3 nivel 2, 100% 23 prazas	49,32€/día ive incluído <input type="checkbox"/>	4%	23 prazas 414.041,4€ euros anuais
Prezo Xunta centro de día- prazas asistidos: 50% 15 prazas non asisten os fins de semana <input type="checkbox"/>	34,76€ euros/ día ive incluído <input type="checkbox"/>	4% <input type="checkbox"/>	15 prazas 136.085,40€ o ano
TOTAL INGRESOS			550.126,8€

ESTRUCTURA DA CONTA DE RESULTADOS

Representamos unha sinxela conta de explotación onde rexistramos os ingresos e gastos da actividade do centro co volume de facturación apuntado con anterioridade.

INGRESOS	550.126,8€
GASTOS	535.185,12€
RESULTADO BRUTO DE EXPLOTACIÓN	14.941,68€

CONCLUSIÓNS:

1.- Na primeira anualidade temos beneficios partindo dos prezos das prazas concertadas para dependentes da Xunta de Galicia de 14.941,68€ o ano mais como a forma de xestión pretendida e a dunha fundación e non se persigue animo de lucro este beneficio destinarase a baixar o prezo da praza da miniresidencia que ira baixando correlativamente a obtención de ingresos tales como:

- A) 15% de gasto anual subvencionado por outras Administracións e polo Concello dentro das subvencións para entidades sin ánimo de lucro , por ser a fundación un ente sin ánimo de lucro para a prestación de servizos sociais.
- B) Donacións das empresas suministradoras para obtención de beneficios fiscais, á fundación.
- C) Ganancias derivadas da apertura dos servizos de fisioterapia e comedor ó exterior.
- D) Explotación de lavandería e comida a domicilio nas seguintes anualidades.
- E) Cafetería no centro aperturada ó exterior e a familiares dos usuarios.

2.- O que se pretende e un concerto coa Xunta de Galicia do 100% das prazas , todo ingreso que supere gasto compensa e baixa o prezo das prazas.

3.- A vista dos resultados económicos a Miniresidencia e Centro de día de Boimorto como Fundación sen ánimo de lucro có que esto supón para poder obter financiación pública de Administracións e prazas concertadas, **E VIABLE ..**

4.- Destaca en época de crise económica e paro a importante oferta de prazas de traballo deste proxecto; **vinte postos de traballo fixos.**

5.-SE VAMOS A UNHA OCUPACIÓN DO 100% E DICIR 15 USUARIOS MAIS NO CENTRO DE DIA MANTENDO AQUÍ O PREZO DA PRAZA CONCERTADA COAS CARACTERÍSTICAS DO TRANSPORTE SINALADAS , OS BENEFICIOS DA CONTA DE RESULTADOS ASCENDEN A 151.027,087€ QUE REPERCUTIDOS NUNHA BAIXA DOS PREZOS OFERTADOS POLA/S PRAZA/ DA RESIDENCIA LEVAN Á FUNDACION A PODER OFERTAR A PRAZA RESIDENCIAL A 940.

Pregunta o concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas sobre a asistencia médica explicando o Alcalde que estará localizable 24 horas e presencial x horas a semana.

Explica o Alcalde que pretendese a maior obtención de prazas concertadas posible, e que non se busca o ánimo de lucro, sinala a importancia deste proxecto para a creación de postos de traballo en Biomorto e que estes datos son un avance.

Pregunta o concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas si os servizos de comedor e lavandería aperturaranse aos non residentes ou usuarios do centro de día, resposta a Alcaldía que si.

Sen mais intervencións por unanimidade con 10 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG PSOE, catro dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder unha prórroga ata o próximo Pleno municipal para a presentación da memoria de iniciativa pública na actividade económica relacionada coa creación e posta en marcha do servizo de Miniresidencia e Centro de día de Boimorto da que tense que tomar coñecemento para a súa exposición pública.

SEGUNDO.- Comuníquese o presente acordo á Comisión redactora.

3.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros das Resolucións da alcaldía-presidencia dictadas entre os días; 28/12/2010 a 21/2/2011, números 389 a 49.

Pregunta a Alcaldía se algún grupo municipal ten mocións que presentar, non se propón ningunha polo que a Alcaldía sinala que o seu grupo si ten unha moción urxente para o Pleno, solicitando a votación da súa urxencia na necesidade de obtención de licenza para a posta en funcionamento do centro de día e centro ocupacional de discapacitados de Amarai.

Aceptada a urxencia con 10 votos a favor e decir por unanimidade expónse a moción tal e como segue:

“MOCIÓN URXENTE PARA O PLENO MUNICIPAL A CELEBRAR EN DATA 24/02/2011

Dada conta do expediente tramitado para cesión gratuíta da parcela de 1570m2 de terreo con destino a institución privada sen fin de lucro AMARAI que se describe a continuación:

Parcela sita no lugar de Cernadela parroquia de Boimil, pertencente a este Concello de superficie 1570m2, cuíos lindeiros son:

Norte: camiño, sur: Jesús Barreiro López, leste: estrada e oeste: Jesús Barreiro López.

E non existindo proposta desta Alcaldía na orde do día relacionada con este asunto e fundamentando a urxencia no outorgamento da licenza para posta en funcionamento do centro de día e centro ocupacional para discapacitados.

Tendo en conta o disposto no artigo 79 do TRRL e en aplicación do disposto nos artigos 110 e 111 do Regulamento de Bens das Entidades Locais e en uso das facultades outorgas pola lexislación vixente en aplicación do artigo 91.3 así como 93.3 do ROF aprobado por Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro PROPOÑO que o Pleno municipal acepte en primeiro lugar a urxencia da moción permitindo o debate , e se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Ceder gratuitamente á institución privada sen fin de lucro AMARAI dereito de superficie sobre a parcela que se describe no encabezado deste acordo para desenvolvemento de centro de día e centro ocupacional para discapacitados.

SEGUNDO.- Condicionar a referida cesión a que a súa contrución e funcionamento teña lugar dentro dos cinco anos seguintes ao outorgamento da Escritura pública e o destino permaneza durante máis de 25 anos.

TERCEIRO.- A parcela revertirá automaticamente coa construción no seu caso con todas as accesións e pertenzas se as condicións anteriores se incumpren e cumprido o prazo.

CUARTO.- Facultar ao Sr. Alcalde tan ampliamente como en dereito sexa posible e necesario para outorgar a oportuna Escritura de constitución gratuíta de dereito de superficie sobre a parcela na que se cede o uso gratuío.

QUINTO.- Notificar o presente acordo a/o interesado/a.

Boimorto, 21 de febreiro de 2011
O alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez'

Explica o Alcalde o cambio do uso para o que foi cedida a parcela preguntado polo concelleiro do grupo mixto .

Sen mais intervencións con 10 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG PSOE, catro dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Ceder gratuitamente á institución privada sen fin de lucro AMARAI dereito de superficie sobre a parcela que se describe no encabezado deste acordo para desenvolvemento de centro de día e centro ocupacional para discapacitados.

SEGUNDO.- Condicionar a referida cesión a que a súa contrución e funcionamento teña lugar dentro dos cinco anos seguintes ao outorgamento da Escritura pública e o destino permaneza durante máis de 25 anos.

TERCEIRO.- A parcela revertirá automaticamente coa construción no seu caso con todas as accesións e pertenzas se as condicións anteriores se incumpren e cumprido o prazo.

CUARTO.- Facultar ao Sr. Alcalde tan ampliamente como en dereito sexa posible e necesario para outorgar a oportuna Escritura de constitución gratuíta de dereito de superficie sobre a parcela na que se cede o uso gratuío.

QUINTO.- Notificar o presente acordo a/o interesado/a.

4.- ROGOS E PREGUNTAS

O Alcalde dalle a palabra o concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas que procede a formular os seguintes rogos e preguntas:

1.- Pregunta polo coche de Protección Civil sobre se hai ou non no Concello de Boimorto agrupación de Protección Civil.

2.- Pregunta sobre a posibilidade de cesión de locais as asociacións, se se está a traballar nese expediente xa que é necesario para que poidan obter a obtención de subvencións.

- 3.- Manifesta o rogo da xente de que se manteña un lavadoiro na Gándara.
- 4.-Manifesta que non lle gustou nada a Revista que se repartiu polas casas en decembro cunha relación das obras realizadas xa que considera que esta propaganda non era necesaria e que non se debe caer no que se criticou.
- 5.-Di que non preparou unha moción pero roga unha como necesaria en relacion coa nova Lei de augas e a súa lesividade no rural para a xente do campo.
- 6.- Roga que para as obras do POS se teña en conta a pista de Espiñeiro.

O Alcalde dalle a palabra a concelleira do grupo municipal do PP D^a Magdalena Lojo Rozada que roga que se amañe a pista da Peroxa.

A continuación intervén a Alcaldía que resposta as preguntas e rogos antes formuladas tal e como segue; en relación co tema do coche de Protección Civil di que antes da súa Alcaldía existía un grupo de Protección Civil polo que non constando extinción solicitouse subvención para a compra dun coche necesario para o funcionamento do grupo, que unha vez obtido preténdese crear un voluntariado e seguir obtendo subvencións para o funcionamento do grupo de Protección civil, continua sinalando que o coche usase en todo caso para traballos do Concello, pregunta o concelleiro D. Xosé Luis Rivas que houbo subvencións todo este tempo resposta o Alcalde que antes de ser él Alcalde si para equipamento cascos e logo non ata agora.

En relación coa cesión de locais municipais ás asociacións que sendo necesario un expediente previo para dita cesión, para que non se prexudicara ás asociacións nas subvencións deste ano, douse un informe asinado pola Alcaldía ás solicitantes no que se fala da viabilidade da cesión.

Sobre o lavadoiro na Gándara di o Alcalde que rematada a residencia e unha vez se utilice a partida prevista no orzamento para merca de parcela colindante preténdese a instalación do lavadoiro na nova parcela, sinala que non se pode decir que non hai servizo/s de lavadoiros que hai mais.

En relación coas críticas do concelleiro D. Xosé Luis Rivas sobre o reparto da Revista con obras di que nesa revista non se fala de política que informa de obras e servizos igual que se manda outra información para que non se diga que non se fai nada xa que algo si se fai. Resposta o concelleiro do grupo mixto sinalando que houbo un goberno con 3 grupos e eso non consta na revista que a xogada e hábil pero pagada por todos os veciños que os logros do Concello fanse con diñeiro público e non se pode facer con este diñeiro propaganda electoral sinala que o feito e molesto e pouco ético. Resposta o Alcalde que non escoitou queixas de ningún veciño, dille o concelleiro D. Xosé Luis Rivas que para esta información esta agora a campaña electoral resposta o Alcalde que as obras non as fixo o partido socialista senón o Concello.

Sobre o rogo de moción en relación coa nova lei de augas, rogo realizado polo concelleiro D. Xosé Luis Rivas explica o Alcalde que solicitou un informe a Secretaria antes de tratar este asunto no Pleno, intervén D. Xosé Luis Rivas para recalcar a necesidade de actuación e informe sobre todos de ameazas e vantaxes desta normativa.

En relación co rogo de amaño da pista de Espiñeiro resposta o Alcalde que o equipo de goberno o que quere e facer unha rúa en Espiñeiro pero para isto necesita expropiar o terreo por non existir cesións previas, pregunta o concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas se a pista e pública resposta o Alcalde que si pero que en relación coa línea de edificación esta non delimita a propiedade non marca propiedade pública e privada para as beirarrúas senón se fixo a cesión no seu momento será necesario expropiar ou acordo co/s propietario/s para a obtención dos terreos necesarios para a súa execución en cumprimento das medidas das rúas e beirarrúas sinaladas polo Plan Xeral 8 metros como mínimo.

O voceiro do grupo municipal do PP di que nesa zona xa se fixeron cesións.

O Alcalde sinala que esta e a rúa mais urxente de Boimorto xunto outras como Casal de Munin.

En relación co rogo de arranxo da pista da Peroxa di o Alcalde que queren bachear todas pero esperan a mellora do tempo.

A concelleira do grupo municipal do PP D^a Magdalena Lojo Rozada roga a continuación que se retiren árbores da Pista dos Casas a Paravico, resposta o Alcalde que xa foron por alí pola mañá.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 20:46 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez